

DOÑA CONCEPCION OTERO PIÑEIRO, Secretario de la Xunta de Expurgación de la documentación judicial de Galicia, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 19.2 del Real Decreto 937/2003, de 18 de julio de modernización de los archivos judiciales .

CERTIFICO:

Que en la sesión del pasado 1 de julio de 2019, la Xunta de Expurgación de la documentación judicial de Galicia adoptó, entre otros, proceder a la eliminación de los siguientes expedientes elevados a la citada Xunta.

INFORME	
Asunto	Informe da proposta de eliminación de fraccións de series documentais de expedientes xudiciais para a súa remisión á Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.
Autor	Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Políticas Culturais
Destinatarios	Presidente da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.
Data	11 de febreiro de 2019

O Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, que regula os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia establece que esta remitiralle a dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, ou ao órgano que esta designe, unha proposta técnica de valoración e selección de series documentais correspondentes aos expedientes xudiciais que foran incluídos nas convocatorias da Xunta de Expurgación, artigo 11.3.

O decreto establece que na elaboración da proposta técnica de valoración e selección prevista na alínea anterior será aplicable a normativa e os criterios técnicos aprobados polo órgano competente en materia de conservación do patrimonio documental, artigo 11.4. Neste sentido a Xunta de Expurgación puxo en aplicación os formularios e a metodoloxía da análise das series documentais propostas e o establecido na Orde do 4 de setembro de 2012, pola que se aproban as normas e os modelos de transferencia de documentación xudicial e se determina o inicio das actividades dos arquivos xudiciais territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.

Competencia:

Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Real Decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización de arquivos xudiciais.

Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia

Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, (DOG nº 13, do 18 de xaneiro).NFORME

O presidente da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial remitiu á Dirección Xeral de Políticas Culturais a proposta de selección de fraccións de series documentais que xa foron avaliadas por dita Xunta e contan con táboas aprobadas, aínda que, algunhas non están actualizadas no estudo e ditame para as datas agora propostas.

Os servizos técnicos da Dirección Xeral de Políticas Culturais, como órgano que ten atribuídas as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de arquivos e patrimonio documental, emiten o seguinte informe referido as seguintes fraccións de series documentais:

CÓD.	SERIE
0001	Expedientes de xuízos de faltas
0002	Expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas
0003	Expedientes de recursos de apelación contra autos penais ante a Audiencia Provincial
0004	Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas penais ante a Audiencia Provincial
0005	Expedientes de recursos de apelación contra autos civís ante a Audiencia Provincial
0006	Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas civís ante a Audiencia Provincial
0009	Expedientes de recursos contra sancións disciplinarias dos xulgados de vixilancia penitenciaria
0010	Expedientes de recursos sobre clasificación de grao dos xulgados de vixilancia penitenciaria
0011	Expedientes de redención de penas dos xulgados de vixilancia penitenciaria
0012	Expedientes de liberdade condicional dos xulgados de vixilancia penitenciaria
0013	Expedientes de permisos carcelarios dos xulgados de vixilancia penitenciaria
0014	Expedientes de peticións e queixas dos xulgados de vixilancia penitenciaria
0016	Expedientes de dilixencias previas

CÓDIGO	SERIE	Datos extremas de serie estudiada	
0001	EXPEDIENTES DE XUÍZOS DE FALTAS	1986 / 2015	Serie pechada

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 Betanzos	2002/2004	1.252	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Padrón	1986/1987	1.059	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Vilalba	2000/2003	1.071	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Cambados	1999/2002	1.892	151
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 Lalín	1990/1996	566	29
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Pontearreas	1999/2003	1.508	121
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 Pontearreas	1999/2003	1.353	104
Xulgado de Distrito nº 4 Vigo	1986/1990	8.186	197
Xulgado de Instrución nº 2 Vigo	1989/1998	4.902	251
Xulgado de Instrución nº 3 Vigo	2000/2007	17.018	426
Xulgado de Instrución nº 4 Vigo	1990/1993, 1997/1998	4.223	199
Xulgado de Violencia sobre a Muller nº 1 Vigo	2007/2012	520	26
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Vilagarcía de Arousa	2000/2003	2.091	94
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3	2000/2010	6.247	300

INFORME

Os expedientes de xuízos de faltas son os tramitados para xulgar as infraccións penais leves castigadas como faltas. Das faltas nace unha acción penal pero pode producir unha acción civil para a restitución da cousa, reparación ou indemnización do dano causado.

A serie documental estudada conta co ditame da Xunta de Expurgación Xudicial e comprende o período de 1986 a 2015. As fraccións de serie documental que se someten a selección abarcan de 1986 ata o ano 2012. Segundo o estudo da serie a partir de 1985 as sentenzas consérvanse no libro de sentenzas e no expediente tan só hai a copia.

O ditaminado para a serie establece que os expedientes anteriores ao ano 1946 conservaranse na súa integridade. Dos expedientes posteriores a 1945 e anteriores a 1985 que conteñan a sentenza orixinal, esta retirárase para a súa conservación permanente. Dos documentos a eliminar realizarase unha mostraxe, consistente na conservación dos expedientes incoados nos anos rematados en 5. Naqueles partidos xudiciais nos que houbera máis dun xulgado que tramitase este procedemento, a mostraxe aplicarase de forma rotativa aos expedientes dos distintos órganos xudiciais. É dicir, de cada xulgado do mesmo partido xudicial conservaranse os expedientes dun ano distinto, por exemplo, nun partido xudicial no que existan 2 xulgados de instrución, conservaranse do xulgado número 1 o ano 1995 e do xulgado número 2 o ano 2005.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie entre os anos 1986 a 2010, deixando como mostra os expedientes incoados nos anos rematados en 5 e de forma rotativa nos partidos que teñen máis dun xulgado.
- Da proposta de eliminación se exclúen os expedientes do Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 de Vigo, 520 expedientes entre os anos 2007 e 2012, en total 26 unidades de instalación, informada desfavorablemente en consideración á materia que trata este xulgado e a

súa repercusión social, así como o seu valor probatorio nos casos de violencia de xénero, e propoñemos a súa conservación e transferencia ao arquivo.

ÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada
0002	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA XUÍZOS DE FALTAS	1835 / 2015

ÓRGANOS	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Audiencia Provincial de Ourense, Sección Segunda	2002/2003		21
Audiencia Provincial Pontevedra. Sección Segunda	1993/2001	1.499	50
Xulgado de Instrución nº 2, Vigo	1973/1990	2.117	39
Xulgado de Instrución nº 3, Vigo	1980/1989	1.958	25

INFORME

Os expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas ante a Audiencia Provincial son os procedementos tramitados para resolver os recursos interpostos contra as sentenzas ditadas en infraccións tipificadas como faltas. Das faltas nace unha acción penal pero pode que tamén unha acción civil para a restitución da cousa, reparación ou indemnización dos danos.

O estudo deste serie documental abrangue o período de 1835 a 2016. A proposta de selección aprobada é de eliminación total baseándose en que o valor legal-xurídico, tras a firmeza da sentenza, non vai máis alá dun ano e que estes expedientes só conservan documentación da transmisión e copia do testemuño da sentenza, mentres que a sentenza orixinal está nos libros de sentenzas. O ditame establece a conservación íntegra dos expedientes anteriores a 1946.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie documental dos expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas dos órganos xudiciais relacionados dos anos 1973 a 2003.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada
0003	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA	1968 / 2016

AUTOS PENAIS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Audiencia Provincial Pontevedra. Sección Segunda	1993/2002	1.005	84

INFORME

Os expedientes reflicten o procedemento para resolver as reclamacións ante á Audiencia Provincial contra os autos ditados polos xulgados de instrución, do penal, de vixilancia penitenciaria e os de violencia sobre a muller.

A serie documental estudada e valorada abrangue o período de 1968 a 2016 e foi ditaminada de eliminación total. Os autos están recompilados nos libros de rexistro e nos libros de autos.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de recursos de apelación contra autos penais ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Segunda, entre os anos 1993 a 2002. A eliminación realizarase no arquivo territorial aos 15 anos dende a data de resolución de peche definitivo.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0004	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA SENTENZAS PENAIS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1892 / 2016	Serie aberta

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Audiencia Provincial Pontevedra. Sección Segunda	1993/2002	718	60

INFORME

Os expedientes reflicten o trámite dos recursos de apelación que son o medio ordinario de impugnar unha resolución ditada en primeira instancia.

No estudo actualizado da serie, que abrangue de 1892 a 2016, propónse a eliminación total, agás os expedientes anteriores a 1946 que se conservarán na súa integridade. A resolución dos recursos están recompilados nos libros rexistros de recursos de apelación contra sentenzas e nos libros de sentenzas. Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie documental de expedientes de recursos de apelación contra sentenzas penais ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Segunda, dos anos 1993 a 2002.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0005	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA AUTOS CIVÍS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1968 / 2015	Serie aberta

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Audiencia Provincial Pontevedra. Sección Segunda	1983/1999	2000	80

INFORME

Os expedientes reflicten a tramitación das reclamacións presentadas ante a audiencia provincial contra autos ditados por instancias inferiores e a partir de 2005 polos xulgados de violencia sobre a muller.

A serie documental estudada e valorada abrangue de 1968 a 2015 e foi ditaminada de eliminación total, xa que o valor legal-xurídico tras a firmeza do auto, non vai máis alá dun ano. Existe unha serie documental compilatoria, os libros rexistros de recursos de apelación civil e os libros de autos de apelación.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie de expedientes de recursos de apelación contra autos civís ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Segunda, entre os anos 1983 a 1999.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0006	EXPEDIENTES DE RECURSOS DE APELACIÓN CONTRA SENTENZAS CIVÍS ANTE A AUDIENCIA PROVINCIAL	1968 / 2016	Serie aberta

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Audiencia Provincial de Pontevedra. Sección Segunda	1980, 1983/1999	4.796	199

INFORME

Os expedientes que reflicten o procedemento das apelacións contra as sentenzas civís ditadas en primeira instancia e, a partir de 2005, dos xulgados de violencia contra a muller.

A serie foi ditaminada para o período 1968 a 2016 aprobando a súa eliminación total, xa que os expedientes que conservan as audiencias provinciais conteñen documentos de transmisión e a testemuña da sentenza. As sentenzas están recollidas no libro de sentenzas.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación total da fracción de serie dos expedientes de recursos de apelación contra sentenzas civís ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Segunda, dos anos 1980, e de 1983 a 1999.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0009	EXPEDIENTES DE RECURSOS CONTRA SANCIONES DISCIPLINARIAS DOS XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	1996 / 2015	
ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña	2007/2012		30

INFORME

A serie corresponde aos expedientes tramitados para resolver vía recurso as reclamacións formuladas polos internos sobre sancións disciplinarias e dirixidas aos xulgados de vixilancia penitenciaria.

A serie documental está ditaminada para as datas extremas de 1996 a 2015 como de eliminación parcial e a conservación dunha mostra como testemuña, en consideración a que a súa vixencia administrativa e legal non é superior a un ano e a que toda a información se conserva nos expedientes persoais, libros de autos, rexistros, así como, na aplicación S.I.P. que desde o 2000 constitúe o soporte para a tramitación dos expedientes e para o mantemento da información relativa á xestión penitenciaria. Como mostraxe propónse conservar 12 expedientes do ano 1996, ano máis antigo conservado no Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña. A partir dese ano conservaríanse 12 expedientes dos anos rematados en 0 e 5.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie expedientes de recursos contra sancións disciplinarias do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña dos anos 2007 a 2012, aplicando a mostraxe ditaminada de 12 expedientes dos anos rematados en 0 e 5.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0010	EXPEDIENTES DE RECURSOS SOBRE CLASIFICACIÓN DE GRAO DOS XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	1996 / 2015	
ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN

INFORME

Os expedientes reflicten a tramitación dos recursos interpostos polo penado ou polo Ministerio fiscal ante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria contra as resolucións sobre clasificación, progresión e regresión de grao.

A serie documental está ditaminada para as datas extremas de 1996 a 2015 como de eliminación parcial con mostraxe, en consideración a que ten unha vixencia administrativo e legal non superior a un ano e toda a información se conserva nos expedientes persoais, informes do equipo técnico e tratamento, libros de autos, rexistros así como na aplicación S.I.P. que desde o 2000 constitúe o soporte para a tramitación dos expedientes e para o mantemento da información relativa á xestión penitenciaria. Como mostraxe conserváronse 12 expedientes do ano 1996, ano máis antigo conservado no Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña e a partir dese ano conserváronse 12 expedientes dos anos rematados en 0 e 5.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie expedientes de recursos sobre clasificación de grao do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña do ano 2012.
- Non aplica realizar mostraxe do ano 2012 porque a serie está determinada para conservar 12 exemplares dos anos acabados en 0 e 5.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada
0011	EXPEDIENTES DE REDENCIÓN DE PENAS DOS XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	1983 / 2015

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña	2006/2009		2

INFORME

Expedientes tramitados para conmutar días de pena por días traballados, considerado como beneficio penitenciario. As redencións poden ser ordinarias ou extraordinarias por circunstancias especiais. A serie documental está ditaminada para as datas extremas de 1983 a 2011 como de eliminación total, conservando unha mostra como testemuña, en consideración a que a súa vixencia administrativa e legal non é superior a un ano e toda a información se conserva nos expedientes persoais e rexistros, así como, na aplicación S.I.P. que desde o 2000 constitúe o soporte para a tramitación dos expedientes e para o mantemento da información relativa á xestión penitenciaria.

A mostraxe proposta é a de conservar 12 expedientes do ano 1983, o máis antigo e, a partir dese ano, 12 dos anos rematados en 0 e 5.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie expedientes de redención de penas dos anos 2006 a 2009 do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña.
- Non aplica realizar mostraxe para estes anos.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada
0012	EXPEDIENTES DE LIBERDADE CONDICIONAL DOS XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	1994 / 2015

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña	2006/2012		34

INFORME

Expedientes tramitados para resolver as propostas de liberdade condicional, modalidade de execución da pena de prisión fora do establecemento penitenciario coa excarceración anticipada do condenado para cumprir a pena no seu hábitat social de pertenza. Está ditaminada para o período de 1994 a 2015 como de eliminación parcial con mostraxe, xa que o orixinal está no centro penitenciario e esta información se conserva nos expedientes persoais, libros de autos, rexistros e na aplicación S.I.P., que da soporte a tramitación dos expedientes e da información penitenciaria do recluso.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción da serie dos expedientes de liberdade condicional do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña dos anos 2006 a 2012.
- A mostraxe establecida determina conservar 12 exemplares dos anos acabados en 0 e 5, polo que debe aplicarse ao ano 2010.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada
0013	EXPEDIENTES DE PERMISOS CARCERARIOS DOS XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	1991 / 2015

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña	2005/2012		52

INFORME

Expedientes tramitados para autorizar a excarceración temporal dos presos en determinadas situacións expresadas na normativa vixente.

A serie documental está ditaminada de eliminación conservando unha mostra de 12 expedientes dos anos rematados en 0 e 5. A proposta de eliminación susténtase en que a información se conserva nos expedientes persoais dos presos nos centros penitenciaros e na aplicación S.I.P., ademais dos libros de autos e libros rexistros de permisos carcerarios.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de permisos carcerarios do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña, dos anos 2005 a 2012.
- A mostraxe establecida determina conservar 12 exemplares dos anos acabados en 0 e 5, polo que debe aplicarse ao ano 2005 e 2010.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada
0014	EXPEDIENTES DE PETICIÓN E QUEIXAS DOS XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	1993 / 2015

ÓRGANO	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña	2006, 2012		16

INFORME

Expedientes tramitados para resolver as peticións e queixas interpostas polos internos contra actos da Administración penitenciaria no referente ao tratamento ou réxime penitenciario , aos dereitos fundamentais ou dereitos e beneficios penitenciarios.

A serie está ditaminada para as datas extremas de 1993 a 2015 de eliminación conservando unha mostra de 12 expedientes dos anos rematados en 0 e 5 en base a que a súa vixencia administrativa e legal non vai máis aló dun ano, o orixinal se conserva nos expedientes persoais dos presos, a serie recompilatoria é a dos libros de autos e existe unha aplicación de xestión desta información, a S.I.P.

Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de peticións e queixas do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña, dos anos 2006 e 2012.
- A mostraxe establecida determina conservar 12 exemplares dos anos acabados en 0 e 5, polo que nesta fracción non aplica.

CÓDIGO	SERIE	Datas extremas de serie estudada	
0016	EXPEDIENTES DE DILIXENCIAS PREVIAS	1872 / 2016	Serie aberta

ÓRGANOS	DATAS EXTREMAS	EXPEDIENTES	UNIDADES DE INSTALACIÓN
Xulgado Instrución nº 1, A Coruña	1977/1983		185
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Betanzos	1981/1986		70
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Padrón	1981/1995	9.420	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 Monforte de Lemos	1980/1998	13.046	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Sarria	1967/1998	11.814	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilalba	1987/1997	5.613	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Viveiro	1991/1998	8.440	
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Viveiro	1991/1998	6.791	

Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, A Pobra de Trives	1986/1996	4.079	82
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Cambados	1985/1993	17.327	243
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Cambados	1990/1997	11.820	158
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Ponteareas	1980/1997	19.251	246
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Ponteareas	1990/1997	9962	200
Xulgado de Distrito nº 2	1978/1984	8.936	53
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Pontevedra	1979/1988, 1997	19.132	113
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 5, Vigo	1981/1985	8.287	60
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 6, Vigo	1984	399	11
Xulgado de Instrución nº 2, Vigo	1970/1980, 1997	7.499	69
Xulgado de Instrución nº 3, Vigo	1987/1996	36.833	311
Xulgado de Instrución nº 4, Vigo	1990/1997	43.033	230
Xulgado de Violencia sobre a Muller, Vigo	2007/2010	1.324	55
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, Vilagarcía de Arousa	1982/1998	16.751	380
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2, Vilagarcía de Arousa	1990/1996	9.600	151

INFORME

Os expedientes de dilixencias previas son as actuacións xudiciais que buscan determinar se os feitos son constitutivos de delito, o seu autor e o órgano competente para xulgalos. En función dos datos acordarase a continuación ata a celebración do xuízo ou decretarase o arquivo ou sobresemento do asunto.

O estudo desta serie documental está ditaminado, para as datas extremas de 1872 a 2016, de eliminación parcial, conservándose na súa integridade os expedientes anteriores a 1946 e para os posteriores a esa data establécense os seguintes prazos:

- **Aos 7 anos** dende a incoación do procedemento, as dilixencias previas sobreseídas e arquivadas nos xulgados de instrución poderán ser eliminadas na súa totalidade.
- **Aos 15 anos** dende a incoación do procedemento as dilixencias previas con sobresemento provisional por non haber autor coñecido poderán ser eliminadas na súa totalidade nos casos con pena de reclusión menor.
- **Aos 20 anos** dende a incoación do procedemento as dilixencias previas con sobresemento provisional por non haber autor coñecido poderán ser eliminadas na súa totalidade nos casos con pena de reclusión maior.

A serie está vinculada con outras de carácter recompilatorio, libros rexistros de dilixencias previas, de dilixencias preparatorias e de asuntos penais e outras series complementarias. Á vista do ditaminado,

- Infórmase favorablemente a eliminación da fracción de serie dos expedientes de dilixencias previas sobreseídas e arquivadas ou sobreseídas provisionalmente dos xulgados de primeira instancia, de instrución e de distrito dos anos de 1967 a 1998, por superar os 20 anos de prazo de vixencia máximo. Non está establecida ningunha mostraxe para os expedientes posteriores a 1946.

- Da proposta de eliminación inicial se exclúen os expedientes do Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 de Vigo dos anos 2007 a 2010, 1.324 expedientes, en 55 unidades de instalación, en consideración á materia que trata este xulgado e a súa repercusión social, así como o seu valor probatorio nos casos de violencia de xénero, e propoñemos a súa conservación e transferencia ao arquivo.

Y su publicación en el DOG de la anterior relación de expedientes, así como la publicación de una referencia desta en un diario de los de mayor tirada en la comunidad autónoma, con el objeto de que los interesados en en las actuaciones judiciales de referencia dispongan del plazo de dos meses previsto en el artículo 16 del Real Decreto 937/2003, para recuperar aquellos documentos que presentaron en su día en el proceso correspondiente. Transcurrido dicho plazo se les tendrá por decaídos en su derecho a recuperar los documentos.

A Coruña 1 de julio de 2019.

El Secretario de la Xunta de Expurgo de Galicia.

